


#moitomáisquepedras

ANDAINA



Co obxecto de promocionar a paisaxe conxunta dos Penedos de Pasarela e Traba, os Concellos de Vimianzo e Laxe, organizan unha andaina conxunta

POLOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA



Data: Sábado 13 de outubro
Saída en bus: 8`30 horas dende a Casa do Concello de Laxe
8`30 horas dende a Casa da Cultura de Vimianzo
Saída a pe: 9 horas da escola de Pasarela
Remate: Traba (Bar Costa Brava)
Inscripcións: ata o xoves 11 de outubro en www.vimianzo.gal ou www.turismolaxe.gal

Descrición:

Trátase dunha andaina curta, de 6 quilómetros aproximadamente, pero bastante densa polo seu contido xa que teremos a oportunidade de visitar as pedras máis representativas dos Penedos.

A saída terá lugar na escola de Pasarela e a primeira parada será na zona da Cachucha (canteira), onde poderemos visitar o Cantor, a Multiforme, o Coello e o Paiaso Triste,... Despois dirixirémonos cara a zona da Forcada para poder contemplar a Señora ou Esfinxe, o Oso, a Tartaruga e o Can,...

A continuación visitaremos o Bico e a Torre da Moa, onde poderemos contemplar unha fermosa vista do Espazo Natural de Traba.

Finalmente descenderemos a Traba.